

# MELANCOHOLEMIA VIDA DE MAMARRACHO

Texto de ANTÓN REIXA

Escolma de imaxes de ANTONIO SEGADE

Prólogo de MANUEL XESTOSO

Encadernación rústica. 15 x 23,5 cm. 64 páx. 14 €

**Melancholemia. Vida de Mamarracho** (galego)  
ISBN 978-84-16721-64-1. Rizomas. Factoría K.


**Melancholemia. Vida de Mamarracho** (castelán)  
ISBN 978-84-16721-66-5. Rizomas. Factoría K.

*Melancholemia enlaza directamente coas propostas escénicas máis audaces deste inicio do século, empregando ese discurso que interroga directamente o público a partir da mestura de disciplinas, da vocación de intervención e, sobre todo, do cuestionamento da retórica da actualidade.*

[Fragmento do limiar de Manuel Xestoso, crítico literario e teatral]

Na fronteira da cordura e da alienación, da diferenza radical entre a realidade e a percepción sobre o real, da perplexidade como actitude vital fronte ao sedante do conformismo xorde «Melancholemia. Vida de Mamarracho». O protagonista deste sorprendente e descarnado relato é o anfitrión na xornada de portas abertas dunha institución de saúde mental que, dende un escenario, debulla o rocambolesco relato dun ser patético e sen personalidade que percorre lugares (e tempos) insólitos -dende «O Xardín das Delicias» do Bosco ata os restos sumerxidos do submarino ruso Kusk, pasando pola antiga Suevia galaica- introducindo elementos da cultura contemporánea: coñecidas marcas comerciais, personaxes de cómic, o fracasado proxecto do mundo virtual Second Life, iconas do patrimonio histórico e cultural galego...

Antón Reixa canaliza, a través da ironía e do humor, a súa conciencia crítica; a capacidade para revelar a parte oculta do iceberg poñendo o foco sobre aspectos cotiás: velaí a crise, o despoboamento, o colapso ecolóxico, o poder totalitario, a identidade colectiva e outros desfíos da posmodernidade. Co apoio dunha variopinta escolma de imaxes de Antonio Segade, a palabra -e a súa representación- adquire o protagonismo desta obra impresa que conta cunha versión escénica, híbrido multidisciplinar entre *performance*, videocreación e dramaturxia.



■ **Temática:** texto creativo-filosófico a partir da mestura de aspectos da realidade e da cultura.

■ **Destinatarios:** lectores adultos.

■ **Aspectos destacables:** vangarda, escrita automática, hibridación creativa: narrativa, audiovisual, *performance*; conta cunha versión escénica.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/melancholemia-g>

## Antón Reixa

(Vigo, 1957)

Artista multimedia, escritor, autor de poemarios, obras de teatro e novelas, director e produtor de cine. Deixou a docencia pola música. É un dos representantes máis senlleiros da cultura galega, na poesía nos anos 70 coa fundación do *Grupo Rompente* e no rock subversivo de *Os Resentidos* nos 80, que foi artífice de grandes himnos actuais, e ao que lle sucedeu nos 90 o proxecto *Nación Reixa*. No terreo audiovisual dirixiu a serie «Mareas Vivas» na TVG, que bateu marcas de audiencia, adaptou para o cinema e dirixiu a novela de Manuel Rivas «O lapis do carpinteiro», ademais da longametraxe «Hotel Tívoli», e produciu na televisión autonómica o programa «Somos unha potencia».

